



Concello de Sarria

ASUNTO: PROPOSTA DA CONCELLERÍA DELEGADA DAS ÁREAS DE EDUCACIÓN, FESTAS, MULLER, INTEGRACIÓN, MATADOIRO E BENESTAR ANIMAL DO CONCELLO DE SARRIA PARA A ORGANIZACIÓN DA IV EDICIÓN DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DE NADAL “DESDE SARRIA CON AMOR 2023”.

Coa finalidade de plasmar en fotografía imaxes dos lugares favoritos dos cidadáns iluminados ou decorados con motivo das festas do Nadal.

PROPOÑO:

Organizar a IV edición do Concurso de Fotografía “Desde Sarria con amor” 2023 de acordo coas bases reguladoras que se expoñen a continuación:

PRIMEIRO. REQUISITOS PARA A PARTICIPACIÓN NA IV EDICIÓN DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DESDE SARRIA CON AMOR 2023.

A) Participantes: Poderán participar todas as persoas físicas que o desexen, de forma individual ou colectiva (asociacións veciñais, culturais, etc). Se o participante é menor de 16 anos precisará a autorización da nai, pai ou titor/a legal.

B) Condicións: A foto terá que ser tomada en Sarria, no exterior, este ano, e nela deberá verse dalgunha maneira a iluminación instalada con motivo do Nadal.

SEGUNDO. INSCRICIÓN.

A) Data e forma de inscrición e presentación: A inscrición realizarase mediante o envío da foto por correo electrónico acompañada do Anexo I, no caso de ser participante menor de 16 anos, a autorización da nai, pai ou titor legal. A inscrición non será efectuada se a/o participante non recibe un correo coa confirmación da recepción por parte do Concello de Sarria. As fotos remitiranse á dirección de correo electrónico fotografia.nadal@sarria.gal entre os días 12 e 22 de decembro. Non se admitirán inscricións presentadas fora do prazo e medios establecidos nestas bases.

As bases do concurso poderanse descargar na páxina web oficial do Concello de Sarria www.sarria.es e na sede electrónica: <https://sarria.sedelectronica.es>.

B) Aceptación das bases: O simple feito de participar co envío da foto significa a aceptación das bases deste concurso. No caso de que nas fotos aparezan varias persoas o responsable será o remitente.

C) Reprodución das fotos: O Concello adquire os dereitos de reprodución das fotos presentadas que poderán ser publicados en medios ou redes sociais, así como na páxina web do Concello de Sarria.

D) Tratamento de datos: Os datos dos participantes serán incorporados a un ficheiro responsabilidade do Concello de Sarria, coa única finalidade de xestionar o proceso de participación no Concurso de Fotografía “Desde Sarria con amor” e contactar coas persoas autoras das obras premiadas. En ningún momento se empregará esta información para posteriores actuacións. As autoras e autores poderán exercer os seus dereitos de acceso,





Concello de Sarria

rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos mediante escrito ao correo electrónico, ou ao Concello de Sarria Rúa Maior 14, 27600 SARRIA (LUGO).

O Concello de Sarria comprométese a tratar en todo momento os seus datos de carácter persoal de forma absolutamente confidencial e de acordo coas finalidades previstas nas presentes bases.

TERCEIRO. PREMIOS.

Establécense os seguintes premios:

1º Premio: tarxeta regalo por importe de 250 €

2º Premio: tarxeta regalo por importe de 200 €

3º Premio: tarxeta regalo por importe de 100 €

4º Premio: tarxeta regalo por importe de 50 €

As tarxetas regalo soamente poder ser utilizadas en establecementos do Municipio de Sarria.

CUARTO. FOTOS GAÑADORAS.

As fotos gañadoras serán elixidas por un xurado profesional que terá en conta a calidade de fotografía, a súa orixinalidade entre outros criterios, que con arranxo ao seu saber e entender deban ser tidos en conta.

QUINTO. COMUNICACIÓN AOS GAÑADORES.

Chamarase telefonicamente a cada un dos premiados para comunicarlles o premio obtido e publicarase a información na páxina web e nas redes sociais.

SEXTO. OUTROS.

Todas as dúbidas, problemas e queixas que xurdan na interpretación destas bases resolveranse directamente pola Concelleira Delegada.

